

INICIATIVA ESFORZA

O **Proxecto ESFORZA** é unha iniciativa pioneira nas administracións públicas españolas, orientada a facilitar a participación da totalidade da poboación no progreso dos resultados biosanitarios con potencial de mercado, concibidos no Sistema público de saúde galego.

En concreto, ESFORZA diríxese a crear un **fondo común de valoración de resultados en saúde**, que preste apoio no desenvolvemento dos proxectos enmarcados na segunda edición do programa de desenvolvemento Precomercial dos Resultados de Investigación do Sistema Público de Saúde galego (PRIS2). Este nace por mor dos resultados favorables obtidos da súa primeira edición (PRIS1), traducidos na creación de dúas empresas de base tecnolóxica e ao comezo da creación de dúas mais, así como á apertura de negociacións con catro entidades internacionais. Ademais, dúas das tecnoloxías en desenvolvemento no PRIS1 foron incorporadas ao Complexo Hospitalario Universitario A Coruña.



Polo tanto, o obxectivo de ESFORZA é **facilitar a transferencia dos resultados da investigación ao mercado e/ou ao propio Sistema público de saúde**, mediante a mobilización de fondos privados de diversas procedencias comprometidos co desenvolvemento científico, a economía do coñecemento e a mellora do benestar social.

DOCUMENTOS RELACIONADOS

Presentación
Iniciativa
ESFORZA

DIRECTO A

Nota de prensa:
Acta Sanitaria

Nota de prensa: El
Ideal Gallego

Nota de prensa: La
Opinión A Coruña

[Comunidade
ACIS] Proxecto
ESFORZA: Unha
iniciativa da ACIS
co obxectivo de
atraer fondos
privados para
impulsar a I+D
biosanitaria